



RESOLUCIÓN DE PROCEDIMIENTO DE ACCESO Á INFORMACIÓN

Expediente: AIP-MI-SC-2021-01

Información solicitada:

Convenios asinados entre a Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación e a Cámara Oficial Mineira de Galicia entre 2011 e 2020

Solicitante: Fundación Montescola

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Fundación Montescola presentou o 28.01.2021 no rexistro electrónico da Xunta de Galicia, con número de rexistro 2021/157184, unha solicitude de acceso á información, como toma de vista, dos expedientes dos convenios asinados entre esta Consellería e a Cámara Oficial Mineira de Galicia que a continuación se relacionan:

En concreto, na súa solicitude indica que solicita o acceso á documentación relativa aos seguintes expedientes:

- 1. Convenio de colaboración entre a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación e a Cámara Oficial Mineira de Galicia para a realización de estudos e outras actuacións específicas de fomento da sustentabilidade na minaría, 40.000,00 €, 14.10.2020.*
- 2. Convenio de colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria e a Cámara Oficial Mineira de Galicia para o desenvolvemento de actuacións de interese xeral para o sector mineiro de Galicia no ano 2020, 81.500,00 €, 21.8.2020.*
- 3. Convenio entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria e a Cámara Oficial Mineira de Galicia para actuacións específicas de fomento da sustentabilidade na minería e de promoción do patrimonio mineiro, 80.000 €, 20.11.2019.*
- 4. Convenio e Addenda ao convenio de colaboración entre o Instituto de Estudos do Territorio, a Consellería de Economía, Emprego e Industria a través da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, a Cámara Oficial Mineira de Galicia e a Universidade de Vigo a través da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía para a elaboración dunha guía de boas prácticas para a integración paisaxística das actividades extractivas, 45.000 €, 16.11.2018 e 16.12.2019.*



5. *Convenio de colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria e a Cámara Oficial Mineira de Galicia para o desenvolvemento de actuacións de interese xeral para o sector mineiro de Galicia no ano 2019, 89.952,00 €.*

6. *Convenio de colaboración interadministrativo entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria a través da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, o Concello de Noia, a Cámara Oficial Mineira de Galicia e o Ilustre Colexio Oficial de Xeólogos para a análise do risco de subsidencia nos labores mineiros da antiga explotación coñecida como mina Carmen no barrio da Barquiña, 30.000,00 €, 29.8.2019*

7. *Convenio de colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria e a Cámara Oficial Mineira de Galicia para o desenvolvemento de actuacións de interese xeral para o sector mineiro de Galicia no ano 2018, 89.953,00 €, 24.8.2018*

8. *Convenio de colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria e a Cámara Oficial Mineira de Galicia para o desenvolvemento de diversos estudos destinados a mellorar a integración ambiental e social das actividades extractivas e as condicións laborais dos traballadores do sector, 8.9.2017*

9. *Convenio de colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria e a Cámara Oficial Mineira de Galicia para o desenvolvemento de actuacións de interese xeral para o sector mineiro de Galicia, 37.953,00 €, 28.8.2017*

10. *Convenio de colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria e a Cámara Oficial Mineira de Galicia para o mantemento do catastro mineiro e o desenvolvemento de diversos estudos de ordenación mineira, 63.000,00 €, 28.8.2017*

11. *Convenio de colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria e a Cámara Oficial Mineira de Galicia para o mantemento catastral mineiro e o desenvolvemento dunha xornada sobre as normas de xestión mineira sustentable, 60.000,00 €, 29.3.2016*

12. *Convenio de colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria e a Cámara Oficial Mineira de Galicia para o desenvolvemento de actuacións de interese xeral para o sector mineiro de Galicia, 37.953,00 €, 29.3.2016*

13. *Convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e a Cámara Oficial Mineira de Galicia para o desenvolvemento de actuacións de interese xeral para o sector mineiro de Galicia, 37.953,00 €, 24.3.2015*

14. *Convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e a Cámara Oficial Mineira de Galicia para o mantemento do censo catastral mineiro, 40.000,00 €, 24.3.2015*

15. *Convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e a Cámara Oficial Mineira de Galicia para o mantemento do censo catastral mineiro, 40.000,00 €, 7.5.2014*

16. *Convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e a Cámara Oficial Mineira de Galicia para o desenvolvemento de actuacións de interese xeral para o sector mineiro de Galicia, 40.376,00 €, 7.5.2014*

17. *Convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e a Cámara Oficial Mineira de Galicia para o mantemento do censo catastral mineiro, 40.000€, 3.7.2013*



E outros asinados con anterioridade coa COMG, incluíndo os de 3.6.2013 (42.501 €), 4.6.2012 (24.500,00 €), 20.8.2012 (65.000,00 €), 30.3.2012 (50.000,00 €), 14.12.2011 (50.000,00 €), 8.7.2011 (50.000,00 €),

Segundo.- A citada solicitude tivo entrada no rexistro do órgano competente para resolver, isto é, na Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais o 05.02.2021.

Terceiro.- O 11.02.2021 dáse traslado da solicitude aos terceiros afectados, Cámara Oficial Mineira de Galicia (en adiante COMG), Ilustre Colegio Oficial de Geólogos (ICOG) e Concello de Noia, por se a información solicitada puidese afectar aos seus dereitos ou intereses, de conformidade co artigo 19.3 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (en diante LTAIBG), concedéndolle un prazo de 15 días para efectuar as alegacións que considere oportunas, con suspensión do prazo para ditar resolución ata que se reciban as alegacións, ou ata que transcorra o prazo concedido para a súa presentación, circunstancia que ademais foi notificada ao solicitante. A notificación do traslado foi aceptada pola COMG o 19.02.2021 e o 11.02.2021 polo ICOG.

Cuarto.- En relación coa información referente ao “*Convenio e Addenda ao convenio de colaboración entre o Instituto de Estudos do Territorio, a Consellería de Economía, Emprego e Industria a través da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, a Cámara Oficial Mineira de Galicia e a Universidade de Vigo a través da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía para a elaboración dunha guía de boas prácticas para a integración paisaxística das actividades extractivas, 45.000 €, 16.11.2018 e 16.12.2019*” deuse traslado o 11.02.2021 ao Instituto de Estudos do Territorio como órgano posuidor da información para que resolverse sobre esta parte concreta da solicitude, quedando polo tanto fóra do alcance desta resolución.

Quinto.- A COMG, mediante escrito do 11.03.2021 (número de rexistro de entrada 2021/547630), presentou alegacións nas que, resumidamente se opón expresamente a que sexa concedido o acceso á documentación solicitada por diversos motivos que serán analizados nas consideracións técnicas e xurídicas.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

Primeira.- Normativa xeral reguladora do acceso á información

A normativa reguladora do acceso á documentación e información por parte dos cidadáns ven constituída principalmente, pola Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e pola Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia.



Segunda.- Concepto de información pública

O artigo 24.1 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, recoñece o dereito de acceso á información pública, nos termos previstos na normativa básica de transparencia, entendendo por información pública “os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que obren en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación da presente lei e que foran elaborados ou adquiridos no exercicio das súas funcións”.

Terceira.- Límites ao dereito de acceso. Interpretación restritiva.

O artigo 25 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, establece que “o dereito de acceso á información pública só poderá ser limitado ou denegado nos supostos previstos na normativa básica”. Pola súa banda, o artigo 14 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, baixo a rúbrica “límites ao dereito de acceso” establece que o dito dereito poderá ser limitado cando acceder á información supoña un prexuízo para, entre outros bens xurídicos e dereitos, os intereses económicos e comerciais (apartado h), o segredo profesional e a propiedade intelectual e industrial (apartado j).

Nos expedientes afectados pola solicitude de acceso que son obxecto da presente resolución, inclúense documentos que poden ser considerados dentro das limitacións anteriormente citadas, en concreto por conter información de claro carácter económico, comercial, e suxeito a segredo profesional, polo que a presente resolución terá un carácter favorable parcial.

Cuarta.- Alegacións dos terceiros afectados

Respecto das alegacións efectuadas polo terceiro afectado **Cámara Oficial Mineira de Galicia** no seu escrito do 11.03.2021, único terceiro afectado que as presentou, poden resumirse en:

Alegación primeira. Existencia do solicitante (Fundación Montescola) e poder de presentación do asinante

Alegación segunda. Descoñecemento por parte da COMG do contido de gran parte dos expedientes, o que lle impide determinar as partes das que debe preservarse a privacidade, de acordo cos artigos 14 e 15 da Lei de Transparencia e Bo Goberno, polo que solicita unha toma de vista dos ditos expedientes.

Alegación terceira. En aplicación das Leis de Transparencia e Bo Goberno e de Subvencións, a información pública dos convenios xa está publicada na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) e o resto debe considerarse de carácter reservado

A alegación cuarta fai referencia a expedientes relativos á subvencións a entidades sen ánimo de lucro para o fomento do sector mineiro galego, o que non é obxecto desta solicitude de acceso.



En relación coa alegación primeira, procede indicar que a solicitude presentada está asinada por [REDACTED] con [REDACTED] mediante un certificado dixital en representación de Fundación Montescola, con NIF G70572128. A identidade e o poder de representación sobre a sociedade son verificados no intre no que se asina a solicitude, e están exentos de toda dúbida dado que o certificado empregado é válido e a estrutura do ficheiro correcta, tal e como se pode comprobar en *VALIDe (aplicación de Validación de firma e certificados Online e Demostrador de servicios de @firma)*.

Por outra banda, segundo o artigo 12 da LTAIBG, todas as persoas teñen dereito a acceder á información pública nos termos previstos no artigo 105.b) da Constitución Española, desenvolvidos pola citada Lei de transparencia.

Con respecto á alegación segunda, debe sinalarse que a parte substancial do expediente está constituída pola documentación achegada pola Cámara Oficial Mineira de Galicia, sen prexuízo dos actos administrativos realizados, os máis relevantes dos cales téñenselle sido notificados, polo que, en todo caso, os datos que puideran afectar á privacidade ou algún dos límites de acceso son os achegados e coñecidos pola propia entidade, polo que esta segunda alegación non pode ser tida en conta. Conectada con esta alegación, solicítase unha ampliación do prazo para presentar novas alegacións unha vez realizar a toma de vista tamén solicitada. Sen prexuízo da realización desa toma de vista como interesados nos expedientes dos que solicita acceso a información pública, non procede a ampliación de prazo solicitada, dado que, como xa se sinalou, a parte substancial do expediente está constituída pola documentación achegada pola Cámara Oficial Mineira de Galicia e tendo en conta, ademais, que a ampliación de prazo prexudica dereitos de terceiros, en concreto, o dereito do solicitante de obter información no prazo contemplado na normativa aplicable.

Con respecto á alegación terceira, sobre o suposto carácter reservado da información que a COMG facilitou tanto na solicitude como na xustificación dos convenios, de acordo coa Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, cómpre salientar que o Criterio Interpretativo CI/009/2015 do Consejo de Transparencia y Buen Gobierno, de 12 de novembro de 2015 indica o seguinte:

“... a publicidade activa e o dereito á información son dúas caras distintas dunha mesma realidade: a transparencia da actividade pública. Nun caso -publicidade activa, tamén chamada transparencia activa- configúrase como unha obriga das institucións e Administracións públicas; no outro -acceso á información ou transparencia pasiva- configúrase como un dereito das persoas, baseado no artigo 105.b) da Constitución.

En ámbolos dous casos a finalidade da transparencia é garantir que os cidadáns coñezan a organización e o funcionamento das súas institucións públicas. Neste senso a publicidade activa debe entenderse coma un elemento facilitador deste coñecemento. A través dela, as organizacións e Administracións Públicas sitúan de oficio en réxime de publicidade unha serie de datos e informacións que se entenden de interese xeral, de maneira que poidan ser consultadas por aqueles que o desexen sen necesidade de facer unha petición expresa.



Deste xeito, parece claro que non debe limitarse ou restrinxirse o ámbito do dereito de acceso aos cidadáns exclusivamente ás informacións ou datos que non estean sometidos a publicidade activa. As obrigas nesta materia concirnen á Administración e non delimitan nin prexulgan en modo algún o dereito de acceso á información que asiste aos cidadáns, mais ben, están ao servizo dese dereito precisamente para facilitar o seu exercicio, abreviando a vía de acceso dos interesados aos datos ou informacións que necesiten...

(...) Pola súa parte, o artigo 22.3 da LTAIBG regula o suposto xenérico de que a información solicitada vía dereito de acceso tivera sido obxecto de publicación previa, suposto que, indubidablemente inclúe a publicación desa información en cumprimento das obrigas de transparencia activa. Nese senso sinala que a resolución poderá limitarse a indicar o lugar ou medio no que esta se ten publicado(...) introducindo para estes casos a posibilidade (non a obriga) de que a resolución do mesmo se limite a indicar o lugar ou o medio de publicación que, en todo caso, deba ser obxecto dunha referencia explícita e determinada, non dunha simple indicación xenérica.

(...) Conclusións:

- 1. A publicidade activa é unha obriga establecida na Lei 19/2013, de 9 de decembro, que afecta á administración e ao resto de suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei.*
- 2. O feito de que unha información solicitada por calquera persoa se atope en publicidade activa, non exime da obriga de dar unha resposta concreta nos prazos e condicións que sinala a lei”.*

Do anterior conclúese que existen dúas vías diferenciadas e complementarias para o acceso dos cidadáns á información pública. Unha é a da publicidade ou transparencia activa, e outra a da publicidade ou transparencia pasiva, e non se pode afirmar en base á LTAIBG que a primeira exclúa a posibilidade da segunda. De feito, no artigo 13 da citada lei, indícase que “se entende por información pública os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que obren en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación deste título e que foran elaborados ou adquiridos no exercicio das súas funcións”, do que se deriva que o ordenamento xurídico parte do principio de transparencia e só se pode excluír do seu ámbito o contemplado nos límites, que se establecen no artigo 14 e 15 da citada lei.

En concreto, segundo o artigo 14 da LTAIBG, o dito dereito poderá ser limitado cando acceder á información supoña un prexuízo para, entre outros bens xurídicos e dereitos, os intereses económicos e comerciais (apartado h), o segredo profesional e a propiedade intelectual e industrial (apartado j).

Deste xeito, con respecto á solicitude de acceso á información pública obxecto desta resolución, sendo que versa sobre 22 expedientes de convenios que foron obxecto de publicidade activa por medio da BDNS, e dos que foi asinante a Cámara Oficial Mineira de Galicia, pero entendendo que existen nos expedientes, excluída a información obxecto de publicidade activa, outra información susceptible de ser de interese xeral e susceptible de ser



calificada como información pública, exenta de datos sensibles segundo a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos, e segundo os artigos 14 e 15 da LTAIBG, considérase apropiado facilitar o acceso aos expedientes obxecto de solicitude, previa disociación daqueles documentos ou datos nos que se conteña a información suxeita a algún dos límites recollidos nos citados artigos. Da análise destes límites, conclúese que non se pode resolver favorablemente a solicitude de acceso no referente aos documentos que se sinalan na parte resolutiva, sen prexuízo de que nos restantes documentos existan datos que deban ser disociados previamente á vista do expediente.

Adicionalmente, indícase que respecto dos documentos e informacións aos que os terceiros afectados formularon a súa oposición expresa, conforme queda indicado, resulta de aplicación o artigo 22.2 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, consonte o cal “se existiu oposición de terceiro, o acceso só terá lugar cando, concedido dito acceso, teña transcorrido o prazo para interpor recurso contencioso-administrativo sen que fora formalizado ou teña sido resolto confirmando o dereito a recibir a información”.

Quinta.- Resolucións previas de acceso e aplicación de límites de acceso ao caso concreto

No ámbito desta dirección xeral xa foi ditada, dentro do expediente AIP-MI-2019-01, unha resolución do 26.04.2019 que concedía o acceso parcial a unha serie de expedientes relativos a subvencións concedidas a diversas entidades, entre elas á COMG, expedientes cunha estrutura e contido análogo ao que se analiza nesta solicitude.

Na sexta consideración legal e técnica da resolución citada xustificábase, dadas a tipoloxía de parte da información á que se solicitaba acceso, a necesidade de aplicar algún dos límites de acceso específicos do apartado 14 da LTAIBG.

Tanto nos expedientes afectados pola resolución citada do 26.04.2019 como nos expedientes da presente solicitude, inclúense documentos que conteñen información de claro carácter económico e comercial, que podería estar relacionada con deberes de segredo profesional, tanto da propia Cámara Oficial Mineira de Galicia como das empresas provedoras de bens e servizos.

Cómpre lembrar que no ámbito español, a protección dos datos empresariais derívase do art.38 CE sobre a liberdade de empresa, que ten non so unha vertente subxectiva senón tamén obxectiva, como se ocupou de indicar a STC 135/2012, de 19 de xuño. A protección dos datos empresarias protexe as empresas e tamén garante unha libre competencia, de modo que tales datos referidos aos intereses económicos e comerciais non poidan ser obxecto de acceso polo único feito de que se atopen en poder da Administración.

O Tribunal administrativo de Contratación Pública de Aragón definiu os segredos técnicos ou comerciais así en varios acordos (Ac.10/2015, 38/2015 y 81/2015): “A xurisprudencia concretou o concepto de segredos técnicos ou comerciais como o conxunto de coñecementos que non son de dominio público e que resultan necesarios para: a fabricación ou comercialización de produtos; a prestación de servizos; e/ou a organización administrativa ou financeira dunha unidade ou dependencia empresarial, e que por iso procura a quen dispón



deles unha vantaxe competitiva no mercado que se esforza en conservar en segredo evitando a súa divulgación”.

Por outra parte, a Lei 1/2019, de 20 de febreiro, de Segredos Empresariais que establece no seu artigo 1:

“A efectos de esta ley, se considera secreto empresarial cualquier información o conocimiento, incluído el tecnológico, científico, industrial, comercial, organizativo o financiero, que reúna las siguientes condiciones:

a) Ser secreto, en el sentido de que, en su conjunto o en la configuración y reunión precisas de sus componentes, no es generalmente conocido por las personas pertenecientes a los círculos en que normalmente se utilice el tipo de información o conocimiento en cuestión, ni fácilmente accesible para ellas;

b) tener un valor empresarial, ya sea real o potencial, precisamente por ser secreto, y

c) haber sido objeto de medidas razonables por parte de su titular para mantenerlo en secreto.”

En conclusión, exclúense do acceso solicitado os documentos que conteñen exclusivamente ou a parte dos mesmos referida a datos de propostas comerciais ou información sobre provedores, estratexia organizativa ou comercial das entidades subvencionadas ou das empresas proveedoras, cuxa difusión sería susceptible de xerar un prexuízo no ámbito da competitividade ás citadas entidades e empresas, e, en todo caso, os datos tributarios, bancarios e financeiros, así como os identificativos de persoal traballador, protexidos polas normativas sectoriais aplicables, particularmente, a lexislación tributaria e a lexislación de protección de datos persoais.

Por todo o anterior a presente resolución terá un carácter favorable parcial, e do ámbito da autorización serán excluídos os documentos ou as partes dos mesmos que se mencionan na parte resolutiva, e dos restantes documentos aos que si se autorice o acceso serán dissociados os datos referidos.

En ningún caso os datos excluídos do ámbito do acceso son significativos en relación co control da actividade pública que en último termo fundamenta a LTAIBG.

Séxta.- Taxas administrativas

Por outra banda, o artigo 22.4 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, dispón que o acceso á información pública será gratuíta, non obstante a expedición de copias ou a transposición da información dun formato diferente ao orixinal poderá dar lugar a exixencias de exaccións nos termos previstos na Lei 8/1989, do 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos, ou, no seu caso, consonte a normativa autonómica ou local que resulte aplicable.

A expedición de copias de documentación comporta o pagamento das taxas establecidas na Lei 6/2003, de 9 de maio, de taxas e prezos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia. O simple acceso ou exame in situ da información solicitada non implica o pagamento de taxa. A exención no pagamento dunha taxa só pode producirse nos supostos contemplados



expresamente como tales na normativa de aplicación, a devandita Lei 6/2003, de 9 de maio. O pagamento da taxa correspondente pola copia da documentación é independente do medio de notificación que se designe polo solicitante.

Sétima.- Competencia

Segundo dispón o artigo 27.3 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, a competencia para a resolución das solicitudes de acceso, no caso da Administración xeral da Comunidade Autónoma, corresponderá á persoa titular da secretaría xeral, da secretaría xeral técnica, da dirección xeral ou da delegación territorial.

Por todo canto antecede,

RESOLVO

Logo da disociación dos datos de carácter persoal aos que fai referencia a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos:

Primeiro.- Permitir o acceso parcial en atención á aplicación da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, aos expedientes relativos aos convenios que a continuación se indican asinados entre esta Consellería e a Cámara Oficial Mineira de Galicia:

Data Sinatura	Importe	TITULO COMPLETO
14/10/20	40.000,00 €	CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN E A CÁMARA OFICIAL MINEIRA DE GALICIA PARA A REALIZACIÓN DE ESTUDOS E OUTRAS ACTUACIÓNS ESPECÍFICAS DE FOMENTO DA SUSTENTABILIDADE NA MINERÍA
21/08/20	81.500,00 €	CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA E A CÁMARA OFICIAL MINEIRA DE GALICIA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS DE INTERESE XERAL PARA O SECTOR MINEIRO DE GALICIA NO ANO 2020
20/11/19	80.000,00 €	CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA E A CÁMARA OFICIAL MINEIRA DE GALICIA PARA ACTUACIÓNS ESPECÍFICAS DE FOMENTO DA SOSTIBILIDADE NA MINERÍA E DE PROMOCIÓN DO PATRIMONIO MINEIRO
29/08/19	89.952,00 €	CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA E A CÁMARA OFICIAL MINEIRA DE GALICIA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS DE INTERESE XERAL PARA O SECTOR MINEIRO DE GALICIA NO ANO 2019
29/08/19	30.000,00 €	CONVENIO DE COLABORACIÓN INTERADMINISTRATIVO ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA A TRAVÉS DA DIRECCIÓN XERAL DE ENERXÍA E MINAS, O CONCELLO DE NOIA, A CÁMARA OFICIAL MINEIRA DE GALICIA E O ILUSTRE COLEXIO OFICIAL DE XEÓLOGOS PARA A ANÁLISE DO RISCO DE SUBSIDENCIA NOS LABORES MINEIROS DA ANTIGA EXPLOTACIÓN COÑECIDA COMO MINA CARMEN NO BARRIO DA BARQUIÑA (NOIA)



Data Sinatura	Importe	TITULO COMPLETO
24/08/18	89.953,00 €	CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA E A CÁMARA OFICIAL MINEIRA DE GALICIA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS DE INTERESE XERAL PARA O SECTOR MINEIRO DE GALICIA NO ANO 2018
08/09/17	35.000,00 €	CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA E A CÁMARA OFICIAL MINEIRA DE GALICIA PARA O DESENVOLVEMENTO DE DIVERSOS ESTUDOS DESTINADOS A MELLORAR A INTEGRACIÓN AMBIENTAL E SOCIAL DAS ACTIVIDADES EXTRACTIVAS E AS CONDICIÓN LABORAIS DOS TRABALLADORES DO SECTOR.
28/08/17	37.953,00 €	CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA E A CÁMARA OFICIAL MINEIRA DE GALICIA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS DE INTERESE XERAL PARA O SECTOR MINEIRO DE GALICIA NO ANO 2018
28/08/17	63.000,00 €	CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA E A CÁMARA OFICIAL MINEIRA DE GALICIA PARA O MANTEMENTO DO CATASTRO MINEIRO E O DESENVOLVEMENTO DE DIVERSOS ESTUDOS DE ORDENACIÓN MINEIRA
29/03/16	60.000,00 €	CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA E A CÁMARA OFICIAL MINEIRA DE GALICIA PARA O MANTEMENTO DO CENSO CATASTRAL MINEIRO E O DESENVOLVEMENTO DUNHA XORNADA SOBRE AS NORMAS DE XESTIÓN MINEIRA SOSTIBLE
29/03/16	37.953,00 €	CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA E A CÁMARA OFICIAL MINEIRA DE GALICIA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS DE INTERESE XERAL PARA O SECTOR MINEIRO DE GALICIA NO ANO 2018
24/03/15	37.953,00 €	CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA E A CÁMARA OFICIAL MINEIRA DE GALICIA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS DE INTERESE XERAL PARA O SECTOR MINEIRO DE GALICIA
24/03/15	40.000,00 €	CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA E A CÁMARA OFICIAL MINEIRA DE GALICIA PARA O MANTEMENTO DO CENSO CATASTRAL MINEIRO
07/05/14	40.000,00 €	CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA E A CÁMARA OFICIAL MINEIRA DE GALICIA PARA O MANTEMENTO DO CENSO CATASTRAL MINEIRO
07/05/14	40.376,00 €	CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA E A CÁMARA OFICIAL MINEIRA DE GALICIA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS DE INTERESE XERAL PARA O SECTOR MINEIRO DE GALICIA
03/07/13	40.000,00 €	CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA E A CÁMARA OFICIAL MINEIRA DE GALICIA PARA O MANTEMENTO DO CENSO CATASTRAL MINEIRO
03/06/13	42.501,00 €	CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA E A CÁMARA OFICIAL MINEIRA DE GALICIA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS DE INTERESE XERAL PARA O SECTOR MINEIRO DE GALICIA



Data Sinatura	Importe	TITULO COMPLETO
04/06/12	24.500,00 €	ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA E A CÁMARA OFICIAL MINEIRA DE GALICIA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS DE INTERESE XERAL PARA O SECTOR MINEIRO DE GALICIA
20/08/12	65.000,00 €	CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA E A CÁMARA OFICIAL MINEIRA DE GALICIA PARA A ELABORACIÓN DUN PLAN INTEGRAL DE LOITA CONTRA O PO NAS EXPLOTACIÓNS MINEIRAS GALEGAS
30/03/12	50.000,00 €	CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA E A CÁMARA OFICIAL MINEIRA DE GALICIA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS DE INTERESE XERAL PARA O SECTOR MINEIRO DE GALICIA
14/12/11	50.000,00 €	ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA E A CÁMARA OFICIAL MINEIRA DE GALICIA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS DE INTERESE XERAL PARA O SECTOR MINEIRO DE GALICIA
08/07/11	50.000,00 €	CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA E A CÁMARA OFICIAL MINEIRA DE GALICIA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS DE INTERESE XERAL PARA O SECTOR MINEIRO DE GALICIA

Segundo.- Dos expedientes anteriores, e previo acceso por parte do solicitante, teranse excluídos os documentos que se indican a continuación por conter información suxeita ás seguintes limitacións incluídas no artigo 14 da LTAIBG:

- i) a política económica e monetaria*
- j) segredo profesional e a propiedade intelectual e industrial*

En concreto, excluíranse de cada un dos expedientes os seguintes documentos:

- Certificados de estar ao corrente coas obrigas da Seguridade Social, Axencia Tributaria de Galicia, e Axencia Estatal da Administración Tributaria
- Comunicación da tarxeta identificativa do Número de Identificación Fiscal (NIF)
- Documento Nacional de Identidade do Presidente ou representantes da COMG
- Orzamentos anuais aprobados pola Xunta Xeral
- Memorias sobre custos financeiros incluídos nos custos indirectos
- Memoria económica abreviada, xustificativa do custo das actividades realizadas (agás a primeira páxina)
- Informe de auditoría
- Documentos relativos aos gastos de persoal da COMG
- Contratos e nóminas do persoal da COMG



- Propostas económicas dos provedores
- Contratos coas entidades financeiras

Aos restantes documentos que constan no expediente darase acceso sen prexuízo da disociación daqueles datos que estando contidos neles estean suxeitos tamén ás limitacións da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos, e dos artigos 14 e 15 da LTAIBG.

Respecto desta información, e dado que se formulou oposición de terceiros, o acceso non terá lugar ata que transcorra o prazo que sinala o artigo 22.2 da citada lei.

Contra esta resolución, que pon fin a vía administrativa, cabe interpoñer, no prazo de dous meses, a contar dende o día seguinte a súa notificación, recurso contencioso-administrativo, de acordo co previsto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, ou previa e potestativamente, reclamación ante o Valedor do Pobo, no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte a súa notificación, de conformidade co artigo 28 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno de Galicia.

Santiago de Compostela, na data indicada ao marxe

A directora xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais

(Asinado dixitalmente)

Paula Uría Traba